

FORO AVANZA

22, 23 e 24 de outubro de 2019

Sede: Facultade de Economía e Empresa

Sala: Salón de Graos

[Inscripción](#)

22 OUTUBRO 2019

10:00h - 10:10h Benvida

Manuel Alberto Gómez Suárez, decano da Facultade de Economía e Empresa

Margarita Amor López, vicerreitora de Estudantes, Participación e Extensión Universitaria.

10:10h - 11:00h Conferencia: Intelixencia Artificial, emprego e formación

Relatora: Amparo Alonso Betanzos

Contido: A Intelixencia Artificial suporá un cambio no modelo laboral, o que supón grandes retos para os nosos países e gobernos, pero tamén para cada un de nós individualmente. O cambio provocará a automatización de tarefas repetitivas e, en consecuencia, a desaparición dalgúns empregos, pero tamén a aparición de novos traballos, así como cambios significativos en moitos deles. A capacidade de formación e aprendizaxe será clave no futuro.

Amparo Alonso Betanzos é catedrática de universidade na UDC e actualmente é presidenta da Asociación Española de Inteligencia Artificial (AEPIA).

11:00h - 11:45h Elevator Pitch de empresas

Empresas: Galejobs, Areté Gestión, Nortempo, Indra, Vector ITC Group, Altia, Applus

Contido: As empresas participantes presentaranse no formato “elevator pitch” utilizando un tempo de cinco minutos. Pola tarde, de 16:00 a 18:00 na entrada da facultade poderán facerse consultas persoais a representantes destas empresas.

11:45-12:00 Descanso

12:00h - 14:00h Obradoiro: o currículo. Como facer un bo currículo

Reladoras: Mónica Ahijado e María Boisa (ManpowerGroup)

Contido: Que é un currículo? Obxectivo dun CV. Que non pór nun CV. Que é o realmente importante dentro dun CV? CV diferente, funcional!! En que se fixan os/as recrutadores/as. Uso das RRSS.

23 OUTUBRO 2019

10:00h – 11:45h Emprego público. Mobilidade europea.

10:00h - 10:35h: Presentación do Corpo de Técnicos Comerciais – Economistas do Estado

Relatores: Pedro Mejía Gómez (ex-secretario de Estado de Turismo e Comercio e ex-presidente do Operador do Mercado Eléctrico) e Sara Pereira.

Contido: Os TCEE son os encargados do deseño da política económica, financeira e comercial española. É un corpo con cerca de corenta anos de existencia ao que pertenceron, entre outros, moitos dos ministros de Economía e gobernadores do Banco de España. Ademais, ofrece numerosas oportunidades laborais no exterior: desde traballar nas Oficinas Comerciais de España ata facelo en organismos internacionais como o FMI ou o Banco Mundial.

10:35h – 11:10h: Agencia Española Administración Tributaria: Que facemos na AEAT? Queres traballar con nós?

Relatoras: Imelda Capote Martín (delegada Especial de la AEAT de Galicia) e Patricia Cardador González (Inspectora Coordinadora na Delegación Especial de la AEAT de Galicia).

11:10h – 11:45h: Rede Eures.

Relatora: Covadonga López López (conselleira EURES do Servizo Público de Emprego en Galicia).

Contido: EURES é unha rede de cooperación creada para facilitar a libre circulación traballadores dentro dos 28 Estados membros da UE, Suíza, Islandia, Liechtenstein e Noruega. Na práctica EURES ofrece os seus servizos a través do seu portal (ec.europa.eu/eures) e dunha rede humana que conta con aproximadamente 1000 conselleiros EURES que están en contacto permanente con solicitantes de emprego e empregadores de toda Europa.

11:45-12:00 Descanso

12:00h – 14:00h Obradoiro: A entrevista de traballo. Que debo coñecer?

Relatora: Mónica Ahijado e María Boisa (ManpowerGroup)

Contido: Importancia da información previa. Como preparar unha entrevista? Consellos antes, durante e despois. Desenvolvemento da entrevista. Conclusións.

24 OUTUBRO 2019

Xornada sobre emprendemento

10:00h - 10:30h Concello da Coruña. Xefatura do departamento de promoción económica e comercio. "ACCEDE Mais: O emprendemento na cidade da Coruña"

Relator: Jorge Vidal Zapatero .

Contido: A situación do emprendemento na Coruña e os centros municipais adicados á creación de novas empresas (Viveiros de Agrela e Accede Papagaio).

10:30h – 10:45h Asociación de Empresarias de A Coruña (AECO)

Relatora: María Carmen Abeledo Pérez (asesora xurídica, mediadora e coach).

Contido: A asociación que cumprirá 50 anos o próximo 2020. Como cambiamos ...

10:45h – 11:00h Iworks

Relator: Fernando Silvosa Ulloa (responsable de innovación, informática e telecomunicacións no Centro de Negocios e Coworking Iworks).

Contido: Novos centros de traballo e espazos flexibles – recursos compartidos.

11:00h – 11:30h Pazo de Arenaza: unha perspectiva pública do movemento Coworking

Relatora: Luisa Lista Ameneiro (coordinadora do Plan de Emprego da Deputación da Coruña).

Contido: O Pazo de Arenaza é o primeiro Coworking dentro da Rede de Espazos de Traballo creada pola Deputación da Coruña. Nos case seis meses de actividade, o Pazo ten provisto a 30 personas dun lugar onde traballar e polas súas instalacións pasaron xa máis de 300 persoas con inquiredanzas e ganas de emprender e formarse. Como nace a idea do Pazo de Arenaza como espazo de traballo colaborativo? Como pode a Administración axudar a emprender nun mundo dixital e nun entorno laboral en continuo cambio? A responsable deste proxecto falará dos retos que supuxo poñer en marcha este espazo e dos problemas e satisfaccións que están atopando no camiño.

11:30h – 12:00h Emprender de forma consciente

Relator: Luis García Deber (director da Fundación Ronsel)

Contido: As incubadoras e as aceleradoras de empresas evolucionaron cara a un traballo vertical que permitiu a especialización e ser máis efectivos, e cara a unha realidade que implicou máis traballar cara a unha análise e unha planificación previa ao lanzamento do modelo de negocio, focalizadas na redución de riscos e na toma de decisións rápidas a coste reducido que permita recuperarse das equivocacións que, inevitablemente, cometeremos.

12:00h -12:15h Descanso

12:15h – 12:30h IEBT: iniciativa empresarial de base tecnolóxica

Relator: Janet Fernández (técnico de emprego da UDC e técnico de apoio para a certificación de IEBTs)

Contido: Que é unha IEBT? Como se certifica? Que vantaxes ten certificarse como IEBT?

12:30h – 13:00h Viveiro de empresas da UDC

Relator: Javier Garrido Barral

Contido: Javier Garrido, técnico na Oficina de Transferencia de Resultados de Investigación da UDC como responsable da Unidade de Creación de Spin-off e do Viveiro de Empresas, explicaranos que é un viveiro de empresas e como funciona o viveiro de empresas da UDC.

13:00h – 13:30h Presentación curso “Emprendemento universidade-empresa: Innovación a partir do coñecemento e a evidencia (Lean Startup)”

Relatores: José Andrés Faíña e Antonio García.

Contido: Este curso será ofertado pola UDC e nel abordaranse temas como a solución de problemas e definición dunha proposta de valor (encaixe problema-solución), o contraste coa evidencia e o ciclo de aprendizaxe reformulación-validación (encaixe proposta-público *core target*), ou o deseño, contraste, reformulación e validación dos elementos do modelo de negocio (encaixe do modelo de negocio coa evidencia).

13:30h – 14:00h Que é unha startup?

Relator: Daniel Cerqueiro

Contido: Daniel Cerqueiro, CMO de Docuten e fundador e promotor de Startup.gal, falaranos de que é unha startup, da súa experiencia no emprendemento e das iniciativas relacionas que podemos atopar en Galicia.

Lembra que:

A asistencia e participación nas actividades do **Foro Avanza** enmarcarase no plano de formación do estudiantado para a mellora da empregabilidade e darán lugar ao recoñecemento de **1 crédito** para os títulos de grao, sempre que se cumpran as seguintes condicións:

- estar debidamente inscrito/a nas actividades e
- asistir aos 3 días completos do programa.

Os estudantes interesados solicitarán o recoñecemento perante a Vicerreitoría de Estudantes, Participación e Extensión Universitaria, indicando a actividade e o período de participación.

Colaboran:



REDE WIFI “udceventos”:

Para a conexión á rede wifi “udceventos” segue os seguintes pasos:

1. Selecciona no dispositivo a rede wifi “udceventos”.
2. Mediante calquera navegador conéctate a unha páxina web, evitando portais de buscadores. O sistema redirixe ao servizo de autenticación.
3. Escolee o provedor de autenticación que queiras utilizar (Google, Facebook, Twitter ou LinkedIn).
4. Fai a autenticación. O sistema redirixe á páxina solicitada inicialmente.